



FUNDACIÓN PENZOL

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2015

I. RECOÑECEMENTOS

O 28 de maio de 2015, finou Venancia Miranda González (Nanci), laborou na biblioteca desta fundación, con total entrega e entusiasmo, durante 40 anos.

Neste ano conmemorouse o centenario do noso padroeiro Xaime Isla Couto, coa exposición XAIME ISLA: RAÍZ E UTOPIA DE GALICIA, na nosa sede da Casa Galega da Cultura, do 2 de outubro ao 2 de novembro, que organizou a Fundación Isla Couto e contou co préstamo de documentos do Arquivo Francisco Fernández del Riego (Concello de Vigo). Así mesmo, esta Fundación colaborou coa Real Academia Galega na Xornada de Honra que se consigna no apartado III.

O 8 de xuño de 2015, tivo lugar a presentación pública da Fundación Olga Gallego, que foi constituída o ano anterior baixo o nome da insigne arquivista e padroeira da Fundación Penzol, ata o seu pasamento. O noso padroeiro, Pedro López Gómez é o presidente desta fundación, que ten por obxecto a protección, defensa e fomento dos arquivos, do patrimonio documental e da investigación sobre arquivos e documentos de Galicia e de interese para de Galicia e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade; o fomento e estudo da arquivística e o fomento da formación dos profesionais dos arquivos.

II. ACTIVIDADES CULTURAIS DESENVOLVIDAS POLA FUNDACIÓN PENZOL

A Fundación Penzol ademais dos seus servizos de atención a investigadores e estudosos dos seus fondos, leva a cabo con periodicidade actividades culturais, para a difusión dos documentos e libros que custodia, ademais de render homenaxe a persoalidades destacadas da cultura galega. Damos a coñecer as realizadas no ano 2015.

- CENTENARIO RAMÓN PIÑEIRO, ANO 2015

- Colocación dunha placa na rúa Xelmírez, 15 en SANTIAGO, onde residira Don Ramón, coa participación da editorial Galaxia, Fundación Penzol, Real Academia Galega, Consellería de Cultura e Alcaldía de Santiago, o 30 de marzo de 2015.

- Publicación da fotobiografía: “Ramón Piñeiro: a vontade da intelixencia”, autor: Henrique Monteagudo Romero, en colaboración coa editorial Galaxia, co patrocinio da Consellería de Cultura, o Parlamento de Galicia e o Consello da Cultura Galega. O libro presentouse en Santiago, no Consello da Cultura Galega, o 10 de decembro.



- CENTENARIO XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, ANO 2015.

• ACTO ACADÉMICO-ESCOLAR, no salón de actos da Casa Galega da Cultura, no que participaron os alumnos do IES Alexandre Bóveda, o Concello de Vigo e a Fundación Penzol. Interviron o Director, Francisco Domínguez, a padroeira, M^a Dolores Cabrera, o fillo de X.M^a Alvarez Blázquez, Xosé María Alvarez Cáccamo e o alcalde de Vigo, Abel Caballero. Contamos ademais coa presenza do Concelleiro de Cultura, da Concelleira de Benestar e da Concelleira de Educación. 5 de febreiro de 2015.

• Exposición CENTENARIO DE XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, CONSTRUTOR DUNHA CIDADE DE LIBROS. Comisarios: Berta e Xosé María Álvarez Cáccamo e María Dolores Cabrera Iglesias. Celebrada do 17 de abril ao 17 de maio de 2015.

- ACTO PÚBLICO DE SINATURA DA DOAZÓN DE M^a DO CARME KRUCKENBERG SANJURJO Á FUNDACIÓN PENZOL, formada polos documentos do seu arquivo privado. Realizouna a súa filla Cristina Pusone, o 19 de novembro de 2015.

III. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS NAS QUE COLABOROU / PARTICIPOU A FUNDACIÓN PENZOL

- EXPOSICIÓN MARIO F. GRANELL, MORTE E REENCARNACIÓN DUN PINTOR GALEGO, Vigo, do 11/10/2014 ao 31/07/2015, organizada polo Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”.

- EXPOSICIÓN EUGENIO MONTERO RÍOS E A COMPOSTELA DO SEU TEMPO, Santiago de Compostela, do 22/09/2015 ao 31/10/2015, organizada pola Universidade de Santiago de Compostela.

- CENTENARIO XAIME ISLA COUTO: XORNADA DE HONRA, o 23 de setembro, organizada pola Real Academia Galega, no salón de actos da Casa Galega da Cultura, coa intervención, entre outras persoas, dos padroeiros da Fundación Penzol, Xosé Luis Franco Grande e Xavier Martínez Cobas.

- CENTENARIO DO PADRE SEIXAS, a Fundación Penzol adheríuse ao libro homenaxe. Vigo, 30 de outubro de 2015.

- EXPOSICIÓN GALICIA IMAXINADA NAS REVISTAS DA EMIGRACIÓN, Vigo, do 10/11/2015 ao 06/12/2015. Organizada polo Consello da Cultura Galega.

- EXPOSICIÓN JOSÉ SUAREZ 1902-1974, Santiago de Compostela, do 13/11/2015 ao 27/03/2016. Organizada pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia.



IV. DIFUSIÓN

1. Boletín Novas Penzol

Este boletín segue saíndo con periodicidade grazas ao labor do padroeiro Silvestre Gómez Xurxo e ao persoal da Fundación, neles estamos informando sobre a bibliografía e materiais de arquivo que se atopan na Fundación Penzol e na Biblioteca-Arquivo Francisco Fernández del Riego.

En sucesivos números, desde o 9 ao 12, os boletíns de Novas Penzol deste ano foron dedicados aos seguintes persoeiros: Xosé Filgueira Valverde (Letras Galegas 2015) e Xosé María Álvarez Blázquez, Ramón Piñeiro e Xaime Isla no centenario do seu nacemento.

2. Visitas de grupos á Fundación Penzol e á Casa Galega da Cultura

DATA	VISITAS	Nº persoas	
05/05/15	Visita do IES Alexandre Bóveda (Vigo)	65	
24//02/15	Visita da Asociación Trabalingua (Vigo)	5	
22/04/15	Visita da Asociación Veciñal Dr. Fleming (Vigo)	21	
29/04/15	Visita do IES Politécnico (Vigo)	9	
05/05/15	Visita do IES Valadares (Vigo)	65	
06/05/15	Visita do IES Valadares (Vigo)	23	
07/05/15	Visita da Asociación Amigos do MARCO (Vigo)	20	
11/05/15	Visita do IES de Teis (Vigo)	35	
12/05/16	Visita do IES de Coristanco (A Coruña)	45	
22/05/15	Visita do grupo de maiores da UNED (Vigo)	13	
28/09/15	Visita do Instituto Santiago Apóstol (Buenos Aires)	13	
TOTAL VISITAS	10	TOTAL PERSOAS	301

3. Visitas institucionais da Fundación Penzol

- 13 e 22 de xaneiro: reunións co Concelleiro de Cultura do Concello de Vigo, Cayetano Rodríguez Escudero, para tratar sobre a Exposición do centenario de Xosé M^a Álvarez Blázquez.

- 5 de febreiro: entrevista co Secretario Xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, para solicitar un convenio para a dixitalización de 16 executorias de fidalguía do noso arquivo.



- 27 de abril: reunión con Justo Beramendi González, Presidente do Museo do Pobo Galego e Uxío Breogán Diéguez Cequiel, Presidente da Fundación Alexandre Bóveda, para que a Fundación Penzol colabore coa difusión dos seus fondos a través da web do “Arquivo do nacionalismo galego”.

- 30 de xuño e 7 de novembro, a Fundación Penzol asistíu ás reunións convocadas polo Museo do Pobo Galego para tratar do Proxecto dunha exposición con motivo do centenario das Irmandades da Fala en colaboración RAG e o Museo, para o ano 2016.

V. FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

1. Incremento de fondos bibliográficos

Na biblioteca incorporáronse, na meirande parte procedentes de doazóns diversas, novos títulos:

- Fondos bibliográficos: 400
- Publicacións periódicas: 30 títulos novos, ademais dos números das publicacións periódicas en curso.

2. Catalogación e informatización de fondos bibliográficos

Número total de rexistros catalogados e informatizados, baixo o programa SABINI:

- Monografías: 595
- Publicacións periódicas: 476

A 31 de decembro de 2015, a informatización abrangue o total de rexistros seguinte:

- 40.946 monografías
- 2.839 publicacións periódicas
- 70 mapas e planos

Ás anteriores cifras hai que sumar o número de catalogacións, iniciadas este ano, das monografías do **fondo Ramón Piñeiro**, polo que informatizamos o seguinte número de títulos:

- 1.100 monografías foráneas
- 169 monografías galegas



VI. FONDOS ARQUIVÍSTICOS

1. Incremento de fondos archivísticos

Neste ano salienta a doazón do fondo documental literario de escritora María do Carme Kruckenberg Sanjurjo, grazas á xenerosidade da súa filla Cristina Pusone. Os fondos suman un total de 5 unidades de instalación (0,5 ml), que se poñerán a disposición do público para o seu coñecemento e estudo.

En agosto a familia de Xosé María Álvarez Blázquez realizou unha terceira entrega de documentos do seu pai.

2. Tratamento de fondos archivísticos

- “Proxecto de organización dos fondos relixiosos da Fundación Penzol Vigo”: Tratamento documental completo mediante a concesión dunha subvención da Xunta de Galicia a proxectos de actuación en materia de arquivos (Orde do 6 de marzo, DOG do 23 de marzo de 2015). Baixo a supervisión do persoal da Fundación contratáronse os servizos dos arquivistas Gregorio Casado e Pablo Pastoriza. Resultaron un total de 353 descrições de arquivo e 634 descrições de autoridades baixo a aplicación Archivo3000.

- Descrición e conclusión do tratamento archivístico do Fondo Antonio Pérez Prado baixo a aplicación Archivo3000. Inicialmente colabora na clasificación o alumno en prácticas da Universidade de Santiago de Compostela Ángel Aller Quintela e a voluntaria Iria Rodríguez Costas. Con posterioridade pasou ao cargo das bolseiras Tamara Rodríguez Saa e Sara Paz Fernández. Resultaron un total de 1.355 rexistros.

- Conclusión do Inventario do arquivo de Xosé María Álvarez Blázquez e elaboración dunha base de datos en Access 2000. A cargo das bolseiras Tamara Rodríguez Saa e Sara Paz Fernández. O traballo feito serviu de base á petición dunha axuda da Xunta de Galicia para a catalogación dos fondos.

- O 2 de setembro inicianse os traballos de transcrición e estudo diplomático do libro da Confraría de Santa María dos Mercaderes de Santiago de Compostela por Alejandro Ángel Pérez, como parte do traballo de fin de grao na Universidade de Vigo (convenio de Cooperación Educativa - Prácticas Académicas Externas).

- Clasificación e instalación do fondo Ramón Martínez López. Descrición de fondos a nivel de serie. Traballos realizados por Tamara Rodríguez.



3. Infomatización de fondos archivísticos:¹

- Rexistros descritivos de fondos e documentos: 10.043 rexistros
- Rexistos de descrições de autoridades: 7.239 rexistros

VII. DOADORES

Particulares

ANTÓN VIDAL ANDIÓN
ALFONSO PHILIPPOT
ALFONSO ZULUETA DE HAZ
ANA MARÍA FERNÁNDEZ DEL RIEGO
ANGEL NUÑEZ SOBRINO
ANTÓN COSTA RICO
ANTONIO GIRÁLDEZ LOMBA
ARACELI FILGUEIRA IGLESIAS
ARMANDO REQUEIXO
BEATRIZ COLLAZO RODRÍGUEZ
BERNARDO MÁIZ
BIEITO LEDO
CARMEN MANSO PORTO
ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA
FAUSTINO MARTÍNEZ MARTÍNEZ
FRANCISCO DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ
FRANCISCO TRASHORRAS
GONZALO BOUZA-BREY TEIJEIRO
ISAAC ALONSO ESTRAVÍS
JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ LAGO
LOLITA ESTÉVEZ
MANUEL PUGA
MARCELINO AGÍS
MARIA DOLORES CABRERA
MARIA DOLORES MOSQUERA

¹ As descrições respostan a busca calquera campo=* e nivel=Arquivo Penzol. A busca para as autoridades foi calquera campo=ES.GA.36057 (autoridades descritas). Neste último caso non foi posible separar os arquivos Penzol e Fernández del Riego pois ambos comparten a mesma base de datos de autoridades.



MARIA DOLORES VILLANUEVA
MARIAN VIDAL FRAILE
PILAR FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
RAFAEL VALLEJO
RAMÓN NICOLÁS
ROSA CAL
SILVESTRE GOMEZ XURXO
VIÚVA de MANUEL ANDRINO
XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ
XESÚS OLIMPIO
XOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ SALGADO
XOSÉ ANTONIO GULÍAS LAMAS
XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ
XURXO RODEL

Editoriais

EDICIÓN CARDEÑOSO
EDICIÓN XERAIS DE GALICIA
EDITORIAL GALAXIA
LIBRERÍA FOLLAS NOVAS
OUIRMOS

Institucións

ASOCIACIÓN CULTURAL “OBRADOIRO DA HISTORIA”
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
CONCELLO DE AMES
CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLO DE REDONDELA
CONCELLO DE VIGO
CONSELLO DA CULTURA GALEGA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
FONDO RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ
FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA
FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO



FUNDACIÓN ROSALÍA
INSTITUTO DE ESTUDIOS MIÑORANOS
INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES
INSTITUTO GALLEGO SANTIAGO APÓSTOL (BUENOS AIRES)
MINISTERIO DE CULTURA (MADRID)
MUSEO ARQUEOLÓGICO DE OURENSE
MUSEO DO POBO GALEGO
MUSEO DE BELLAS ARTES DA CORUÑA
PEN CLUB DE GALICIA
UNIVERSIDAD PONTIFICIA COMILLAS
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
UNIVERSIDADE DE VIGO
XIÁN NETO GONZÁLEZ

VIII. PRÉSTAMOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

Continuamos a prestar orixinais da biblioteca e do arquivo, para brindar a nosa colaboración imprescindible para a edición de facsímiles, publicacións e reproducións gráficas e audiovisuais, así como para o desenvolvemento de exposicións.

Préstamos 2015	Total pezas
Traballos editoriais e difusión	33
Exposicións	167



IX. USUARIOS E CONSULTAS

1. Estatística de usuarios, clasificados pola tipoloxía da consulta

2015	Teses	Investigación	Traballos académicos	Outros	Total
xaneiro	4	24	9	12	49
febreiro	5	31	4	7	47
marzo	21	47	6	6	80
abril	12	22	4	5	43
maio	11	23	1	9	44
xuño	9	33	10	4	56
xullo	6	45	8	3	62
agosto	2	36	0	4	42
setembro	0	19	6	14	39
outubro	5	31	14	9	59
novembro	13	28	0	14	55
decembro	0	10	3	10	23
TOTAL	88	349	65	97	599



2. Estatística de materiais consultados

2015	Libros	Revistas	Arquivo	Total
xaneiro	165	11	19	195
febreiro	196	26	7	229
marzo	398	48	14	460
abril	164	14	4	185
maio	119	20	10	149
xuño	140	22	8	170
xullo	178	13	18	209
agosto	116	25	11	152
setembro	75	26	10	111
outubro	173	32	19	224
novembro	246	27	6	279
decembro	55	13	18	86
TOTAL	2.025	277	144	2446

3. Usuarios / consultas de fondos por teléfono e por correo electrónico

- Usuarios: 40
- Consultas: 95

4. Servizo de reprografía

- N° de fotocopias: 2.679
- N° de dixitalizacións: 502
- N° de solicitudes: 97 (fotocopia), 50 (dixitalización)



5. Temas das consultas e investigacións

xaneiro

- A canción popular en Galicia e Andalucía
- Historia de Galicia
- Vigo en 1972
- A obra de Filgueira Valverde
- O xornal “La Oliva”
- Correspondencia entre Otero Pedrayo e Fernández del Riego
- Patrimonio histórico e natural de Cabral
- O cine español na década dos 50
- Exposición sobre “Resistencia ao franquismo”
- O nacionalismo en Galicia
- Sobre o Rexurdimento
- Xenealoxías galegas
- Historia do Hotel Continental
- Jaime Pacheco en Teis
- Ríos de Galicia
- A obra gráfica de Eduardo Padín
- O Centro Dereita Galeguista

febreiro

- Centenario de Xosé María Álvarez Blázquez
- Xenealoxías galegas
- A poesía na Revista “Nós”
- A constitución de 1812 e Galicia
- Dicionarios en lingua galega
- Exposición “A imaxe de Galicia nas revistas galegas da emigración”
- A historia do Hotel Continental
- Asociacionismo cultural na Galicia durante o franquismo
- Arquivo da familia Arias Teixeira
- Sociedades musicais de Vigo
- As traducións e o exilio galego

marzo

- Exposición “Xosé María Álvarez Blázquez”
- Xenealoxías galegas
- A poesía na Revista “Nós”
- A igrexa de Santa Baia de Bóveda
- Vigo entre 1750 e 1800



- O convento da Visitación de Vigo
- Obra de Antonio Iglesias Vilarelle
- Valoración da arquitectura de pazo a finais do século XIX e principios do XX
- Alcaldes de Vigo
- Historia de Galicia
- Sociedades musicais en Vigo
- O complexo do Monte da Peneda e a calzada romana
- Fugas polo mar 1936-1946
- Historia de Vigo na Idade media e moderna
- Franciscanos en Galicia
- Historia do Couto Mixto
- Documentación sobre Francisco L. Bernárdez

abril

- Documentación sobre Francisco L. Bernárdez
- Historia e acción pedagóxica do Colexio Andersen de Vigo
- A obra de Eduardo Padín
- Exposición “Xosé María Alvarez Blázquez”
- Historia local de Vigo
- Comparativa das óperas O Mariscal e O Arume
- Proxecto X
- Vida de Juan Tilve
- Vigo a finais do século XIX
- Arquitectura de Vigo na década dos 60/70
- A obra de Miguel de Cervantes
- Vida e obra de Antonio Iglesias Vilarelle
- As bibliotecas do século XIX
- Igrexa de Santa Baia de Donas (Gondomar)
- A obra de Xosé Filgueira Valverde

maio

- Poesía galega do século XX
- A obra de Alfonso X
- Escritoras galegas como intelectuais feministas (1975-2000)
- Literatura e música en confluencia
- A figura de Inés de Castro
- O marquesado de Valladares
- Pianistas galegas
- A obra de Celso Emilio Ferreiro
- Montes de Gondomar
- Exposición sobre Eduardo Padín
- Síntesis xeográfica de Galicia



xuño

- Centenario de Antón Beiras
- Merlín e familia
- A obra de Losada Diéguez
- Prospección xeofísica de apoio á documentación do Complexo do Monte da Peneda
- A figura de Inés de Castro
- O pazo de Mos
- Memoria oral de Teis
- Vida de María Casares
- Bibliografía sobre Xaime Isla Couto
- Toponimia das Illas de Ons
- A obra de Xaquín Marín
- Lingüística galega
- Obra de Filgueira Valverde
- A zanfona en Galicia

xullo

- Vida de Inés de Castro
- A postguerra en Galicia
- Imaxes da Bretaña na literatura galega
- Proxecto documental sobre a emigración galega a Montevideo nos anos 50
- A escultura pública en Pontevedra
- Cultura escrita en mosteiros cistercienses
- Aspectos da conservación preventiva aplicados ao Pórtico da Gloria
- Literatura galega
- Poemas do exilio
- Lingüística galega
- A figura de Dámaso Alonso
- Poesía metalingüística
- Investigación sobre a figura de Plácido Castro
- A obra de Carlos Maside
- A cestería en Mondariz
- Poesía galega do século XX

agosto

- Poesía galega
- A inspección no ensino primario en Lugo(1900-1936)
- Poemas lingüísticos
- Vida de Inés de Castro
- Poesía galega do século XX



- Lingua e arte
- Domingo Carvallo e a tradución de “A esencia da verdade”
- Galicia vista por Unamuno
- Lingua galega
- Cancioneiros e romanceiros galegos
- Verquidos na fosa atlántica
- A literatura de J. Leite de Vasconcellos
- O Vigo de Martín Codax

setembro

- Castelao na literatura galega
- A figura de Rosalía de Castro
- Correspondencia entre Francisco Fernández del Riego con Ramón Otero Pedrayo
- Telmo Bernárdez Santomé
- Vida de Inés de Castro
- O Tombo de Celanova
- Conflictos sociais en Galicia

outubro

- O teatro García Barbón e Antonio Palacios
- Vida de Inés de Castro
- Correspondencia entre Ramón Otero Pedrayo e Francisco Fernández del Riego
- A figura de Castelao na literatura
- Turismo en Galicia
- Sons dun pobo
- Lepidópteros de Galicia
- O movemento obreiro en Galicia : a folga do 72 en Vigo e Ferrol
- Barrios de Vigo
- Jenaro de la Fuente arquitecto
- Xergas de Galicia
- A obra de Leite de Vasconcellos
- Xenealoxías de Galicia
- Biografía de Telmo Bernárdez Santomé
- Presenca da Revista Orpheu na prensa galega
- O piano na obra de Reveriano Soutullo (1880-1932)
- O monte da Peneda
- A poesía de Antonio Machado
- O desastre de 1898



novembro

- Historia da banda deseñada en Galicia
- Historias para coñecermos Vigo
- Turismo en Galicia
- Estudos críticos-históricos a cerca de Galicia
- Xenealoxías galegas
- A poesía na “Revista Nós”
- A cultura das abellas
- A obra de Manuel María
- A obra de Crecente Vega
- Documentación para o documental “Vigo, 1972, a hora da verdade”
- O Castro de Troña
- A figura de Domingo de Andrade
- A imaxe de Galicia e os galegos
- Cruceiros de Ourense
- Industria conserveira en Galicia
- A obra de Florentino López Cuevillas
- Relación marítima entre Galicia e Andalucía
- Correspondencia de Ramón Piñeiro López con Manuel Rodrigues Lapa

decembro

- Documentación para o documental “Vigo, 1972, a hora da verdade”
- Correspondencia de Ramón Piñeiro
- A arte románica en Vigo
- Xenealoxías de Galicia
- As pinturas murais de Santa María de Castrelos
- A obra de J. Leite de Vasconcellos
- Petroglifos galegos
- Historia de Vigo na primeira metade do século XIX
- Correspondencia de Enrique Peinador Lines con Ramón Otero Pedrayo

X. PERSOAL E PRÁCTICAS

Ao abeiro do Convenio de Cooperación Educativa da Universidade de Vigo coa Fundación Penzol (29/01/2014), para a realización de prácticas externas do Máster de Teatro, baixo a titoría académica da profesora Carmen Luna, o alumno Bernardo Antonio Gasparotto, proseguíu coas súas prácticas de catalogación de impresos (programas de mán, invitacións, unidades didácticas...) relacionados con ámbito teatral, que empezara en novembro de 2014, ata o 16 de febreiro de 2015, sumando un total de 150 horas.

Estas prácticas do Máster de Teatro foron continuadas polo alumno Pedro Leites Junior, o día 10 de marzo, nas que sumou 130 horas.



Conforme ao Programa de Prácticas Externas da Facultade de Xeografía e Historia da USC, o alumno Angel Aller Quintela, desenvolveu actividades de tipo arquivístico nos fondos de Antonio Pérez Prado e Ramón Piñeiro, cun total de 80 horas, dende o 27 de xaneiro ata o 27 de febreiro de 2015.

A licenciada en Historia da Arte, Antía Méndez, continuou como voluntaria ata o mes de febreiro 2015, as súas prácticas iniciadas no mes de novembro de 2014, realizando a catalogación de diversas pezas dos fondos artísticos deste centro.

Tamén como voluntaria, Iria Rodríguez Costas, graduada en Historia pola USC, fixo prácticas de arquivo co fondo Antonio Pérez Prado, durante o mes de febreiro.

Por medio do Convenio Plan Práctica Laboral nos Concellos e Deputacións 2014/2015, Sara Paz Fernández e Tamara Rodríguez Súa disfrutaron de sendas bolsas de 6 meses duración prorrogables por outros seis, a partir do 1 de abril. Coas súas prácticas colaboraron na descrición de fondos de arquivo, como Xosé María Álvarez Blázquez e Ramón Martínez López, así como no tratamento técnico dos fondos bibliográficos e na atención aos usuarios.

O graduado en Historia (Universidade de Vigo - Campus Ourense), Cristian Pereira Solana realizou prácticas extracurriculares, grazas ao convenio entre a Fundación Penzol e a Universidade (29/01/2014). Dende o 8 de xuño de 2015, realizou un total de 150 horas catalogando monografías repetidas do fondo Ramón Piñeiro.

O alumno da Universidade de Vigo, campus de Ourense, Alejandro Ángel Pérez, mediante o Convenio de Cooperación Educativa, realizou prácticas externas centradas no estudio diplomático do “Libro da Confraría dos Mercadores da Cidade de Santiago” do século XV, con inicio o 22 de setembro de 2015 e duración de 150 horas.

Benito Ramírez Abal foi cesado por imperativo legal, polo Concello de Vigo, como funcionario interino no posto de técnico medio de arquivos, o 30 de outubro de 2015. Esta fundación queda moi agradecida polos eficientes servizos profesionais que nos prestou.

Cun contrato de seis meses do Concello de Vigo, a partir do 29 de decembro, presta servizos como subalterna, María Antonia González Peinado.

Vigo, xuño 2016